

## PEZA DO MES

marzo

2023



**DEBUXO DUNHA MARISCADORA  
JOAQUÍN ARAUJO Y RUANO**

## Debuxo dunha mariscadora.

Joaquín Araujo y Ruano

---

Lapis sobre papel. 32 x 23,5 cm

Asinado no ángulo superior dereito: Vigo 19. Julio 1887. Araujo.

Legado José Parada Carballo

Número de rexistro: CE004606

En 1972 a colección de belas artes do museo viuse incrementada en máis de cincocentas pezas, grazas ao xeneroso legado testamentario do ourensán José Parada Carballo, avogado e coronel de Infantería, quen chegou a reunir unha singular colección de obxectos artísticos adquiridos nas viaxes que realizou pola península e polas antigas posesións españolas en África, ata conformar un conxunto heteroxéneo de pezas que abranguen dende o século XVIII ao XX. Destacan as medallas, tanto conmemorativas como relixiosas, as pías de auga bendita, as pezas de Sargadelos, palmatorias e escribanías de prata, numerosos abanos e reloxos, mobles, unha curiosa colección de devocionarios, así como iconas, pinturas ou debuxos como o que hoxe presentamos.

O seu autor, Joaquín Araujo Sánchez-Ruano, naceu en Ciudad Real en 1851. Fillo de Tomás Araujo Costa e de Marcelina-Sánchez Ruano y Sánchez-Pacheco, suprimiu a primeira parte do apelido materno para o seu nome de profesión. Estudou en Madrid, na Academia de Belas Artes de San Fernando, entre 1866 e 1871. Como actividade complementaria á súa formación, acudiu de copista ao Museo do Prado, onde se rexistrou en 1867, presentado polo escultor José Gragera. Dende ese ano ata a súa prematura morte, Araujo acudiu con frecuencia ao museo, dedicándose a copiar a Velázquez, Goya, Tiziano ou Van Dyck.

Como sinala o especialista na figura e obra de Araujo, P. J. Martínez Plaza, «o numeroso corpus de debuxos que se conserva da súa man, ademais do seu evidente valor artístico, constitúe unha fonte de gran valor para poder trazar a súa biografía, especialmente intensa nun artista que dende os seus inicios fixo da viaxe o seu principal recurso de inspiración». Dende 1870 comezou a percorrer España retratando escenas da vida rural de gran

valor etnográfico e antropolóxico polo carácter descritivo e minucioso co que foron elaboradas. Concorre á Exposición Nacional de Belas Artes de 1871 como discípulo de Ignacio Suárez Llanos cunha representación costumista: *Partida de guiñote en una posada de Aragón* (sen localizar). O pintor recollía aspectos significativos das cidades que visitaba, e así, da súa estancia en Toledo, destaca a obra *Las Manolas*, en Madrid realiza *Las Lavanderas* e en Sevilla representou a celebración da feira. Na súa viaxe a Salamanca, a escena da caza do lobo protagoniza un cadro presentado, con gran éxito, no Salón de París de 1878 e que foi adquirido polo marchante Adolphe Goupil.

Completou a súa formación en Roma e París, onde residiu durante varios anos. Alí, grazas á mediación de Federico de Madrazo, ingresou no taller do pintor Léon Bonnat. Foi habitual a súa presenza nos certames madrileños e nos salóns parisinos. Asistiu á Exposición de Londres de 1875 con *Aduaneros carlistas registrando una diligencia* (Museo do Prado) que tamén foi levado ao Salón de París de 1877 e á Exposición Nacional de 1881, onde recibiu unha terceira medalla, esta foi primeira obra adquirida polo Estado.

Na súa estancia en Londres foi discípulo do pintor escocés Robert Walker Macbeth co que aprende a técnica do gravado, que utiliza tanto na reprodución de obras de arte como no gravado de invención. Converteuse nun experto augafortista e acadou premios en numerosos certames. As súas estampas ilustraron as páxinas da revista inglesa *The Graphic* e de varias publicacións españolas, como *Blanco y Negro*, *Los Lunes de El Imparcial* ou *La Ilustración Española y Americana*. Percorreu Bélxica e Holanda, onde copiou varias obras de Rembrandt, como os gravados de *Los síndicos de los pañeros*. Desta tipoloxía e asinados por Araujo, conservamos no museo dous gravados, coñecidos como *Síndico Viejo* e *Síndico Joven*, doados en 1905 por Carlos M.<sup>a</sup> Cortezo.

A partir de 1880, xa afincado en Madrid, comeza a participar na vida artística e cultural da cidade. Formou parte do Círculo de Belas Artes e asistiu á exposición organizada en 1880 con *Soledad* (sen localizar). A traxectoria de Araujo sufriu un paréntese na súa evolución artística entre 1886 e

1887, coincidindo coa súa segunda viaxe a Roma. Abandonou a pintura de xénero e optou pola de historia e os debuxos de academia e espídos. Parece sorprendente que alguén xa formado e cunha carreira desenvolta se dedicase a estudar o corpo humano, pero Araujo tiña o propósito de elaborar un gran cadro de historia que lle supuxera un maior recoñecemento. No lenzo *El Infierno* (sen localizar), realizado en Roma e presentado na Exposición Nacional de 1887, o artista reflicte unha das visións que ofrece Dante na súa Divina Comedia.

No verán de 1887 realizou unha das viaxes máis proveitosas da súa carreira, que o levou por Astorga e boa parte de Galicia. Percorreu Santiago de Compostela, onde debuxou a festa no campo o día do Apóstolo; Pontevedra, Baiona e Vigo. Alí descubriu un dos motivos máis inspiradores para as súas obras: as mariscadoras da ría. Nos seus debuxos recolleu diferentes momentos do traballo destas mulleres, os seus traxes, utensilios e as pequenas embarcacións á beira do mar. O seu interese foi tal que volveu ao verán seguinte para estudar de novo os mesmos motivos. Con estes bosquejos realizou posteriormente gravados e pequenas obras ao óleo, como *Mariscadora* ou *Vendedoras de langostas* (ambas sen localizar), que poden considerarse entre os mellores estudos de toda a súa produción.

Foi Segunda Medalla na Exposición Universal de París de 1889. Ese mesmo ano foi retratado ao óleo polo pintor Giovanni Boldini. Tamén hai un retrato del en augaforte coa anotación «J. Araujo 'Good Boy'», asinado por Robert Walker Macbeth en Madrid o 28 de marzo de 1888. En 1891 presentou na Exposición de Belas Artes de Barcelona *Las escabecheiras de la ría de Vigo*, acuarela conservada, xunto con outras 55 obras, no Museo do Prado.

En maio de 1894, mentres traballaba no lenzo *Corrida de toros en la aldea*, por encargo dun coleccionista norteamericano, e tras unha breve enfermidade, Joaquín Araujo faleceu á idade de 43 anos, deixando viúva a Carmen Baeza y Costa. A súa morte causou unha gran conmoción na sociedade madrileña e no círculo de artistas. O *Retrato yacente* realizado por un dos seus discípulos predilectos, Manuel Poy Dalmau, mostra a admiración polo mestre. O Círculo de Belas Artes, do que Araujo fora parte activa,

reservou unha sala da exposición bienal dese ano para dar a coñecer os debuxos e as pinturas que quedaron no seu taller. A mostra converteuse nunha verdadeira homenaxe á súa figura.

A sinceridade e obxectividade coa que o artista se enfrontaba ao natural reflíctese nos seus debuxos, xeralmente a lapis e só ocasionalmente a pluma, completados ás veces con toques de cor a través da acuarela. Neles, o artista adoita recoller as súas impresións de forma rápida pero precisa, anotando o lugar e a data, e mesmo algunhas valoracións ou comentarios sobre a viaxe ou sobre o motivo polo que traballaba. Deles, téñense identificados un centenar de debuxos, dadas as dificultades de localización e a perda dalgúns cadernos de traballo. Ao seu falecemento, os testamentarios, mediante un selo circular impreso, autenticaron todos os que quedaban no seu taller, e moitos deles quedaron en mans dos seus herdeiros. Comezaron a dispersarse na década de 1970, cando os seus descendentes venderon ou doaron diferentes lotes a diversas institucións e museos. O que pertence ao Museo Arqueolóxico carece de selo, polo que é posible que fose vendido ou doado en vida polo autor. Da mesma serie consérvanse tres debuxos na Academia de San Fernando, co selo da testamentaría, que retratan a esta mesma muller en distintas posturas de traballo e portando o raño co que recolle o marisco.

Os seus debuxos son apuntamentos e impresións de viaxe, e por iso posúen unha instantaneidade que desaparece ao traballar no estudo. Algúns deles convertéronse, pouco despois, na fonte de inspiración dun cadro ou a súa realización xa se debía a unha idea previa do pintor. A diferenza da obra pictórica, os debuxos de Joaquín Araujo constitúen a parte de maior interese e aquela na que se mostra con maior sinceridade o artista.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco